

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO CONCURSO
PARA A PROVISIÓN DE CATRO PRAZAS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR
POR ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL**

En As Somozas, a dezaioito de xaneiro de dous mil vintetres, sendo as trece horas e trinta minutos, reúnen-se na Casa do Concello, baixo a presidencia da Secretaria-interventora do Concello de Moeche, Consolación Couce Calvo, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión en propiedade de catro prazas de auxiliares de axuda no fogar, persoal laboral fixo, mediante concurso de méritos, segundo o establecido nas Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: Consolación Couce Calvo, do Concello de Moeche.

Vogais: Lourdes Pérez Garrote, María del Pilar Durán Rico e Montserrat Abeledo Vicos, do Concello de As Somozas.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de As Somozas.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, conséntase que unha das persoas aspirantes, María Isabel Bello López, non presentou a titulación acreditativa do seu nivel de coñecemento da lingua galega, polo que o Tribunal acorda a práctica dunha proba, en aplicación do previsto nos apartados 3-1-f das bases xerais e 3-1 das bases específicas para a provisión das prazas de que se trata, consistente nunha entrevista en lingua galega relativa a aspectos concretos das funcións dos postos convocados. Rematada a proba, o Tribunal acorda considerar que a aspirante acreditou adecuadamente o seu nivel de coñecemento da lingua galega.

Acordase de seguido polo Tribunal realizar a asignación de puntuacións correspondentes ó concurso de que se trata, en aplicación do establecido nas Bases da convocatoria.

Seguidamente indícase a puntuación obtida polas persoas aspirantes presentadas segundo o sinalado na base 6ª da convocatoria específica para as prazas de que se trata, así como a puntuación total do concurso:

Apelidos e nome	Méritos profesionais: A) - B) - C) - D)	Total
Bello López, María Isabel	A) 76,14	76,14
Blanco López, María	B) 2,20	2,20
Blanco Veiga, María Luisa	A) 27,26	27,26
Fermoso Fernández, Dolores	A) 27,26 – B) 1,76	29,02



Geda Prieto, María Luz	A) 74,26	74,26
Orjales Gato, María Isabel	A) 75,20	75,20
Sueiras Luaces, María Montserrat	A) 77,08	77,08

Rematada a asignación de puntuacións do concurso, o Tribunal aproba a seguinte relación das persoas aspirantes, pola orde da puntuación obtida, e dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria:

Apelidos e nome	Puntuación no concurso
Sueiras Luaces, María Montserrat	77,08
Bello López, María Isabel	76,14
Orjales Gato, María Isabel	75,20
Geda Prieto, María Luz	74,26
Formoso Fernández, Dolores	29,02
Blanco Veiga, María Luisa	27,26
Blanco López, María	2,20

Acorda tamén o Tribunal propoñer á Alcaldía o nomeamento como titulares dos postos convocados ás persoas que obtiveron as puntuacións máis altas no proceso selectivo:

- Sueiras Luaces, María Montserrat.
- Bello López, María Isabel.
- Orjales Gato, María Isabel.
- Geda Prieto, María Luz.

O resto das persoas participantes no proceso selectivo, pola orde da puntuación obtida, propón o Tribunal que pasen a formar parte da lista de agarda prevista na base 6ª das bases específicas da presente convocatoria.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as catorce horas e dez minutos, dispoñendo a Sra. Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTE,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,

